

Na convocatoria de matrícula do curso académico 2012-2013 establécese que, tras o remate do proceso de admisión pola CIUG, para iniciar estudos nas titulacións con límite de prazas, abrírase un prazo para os/as alumnos/as aos que non lles foi concedida praza, para que se poidan matricular en titulacións sen límite de prazas ou naquelas que tiñan límite pero que quedaron prazas vacantes.

En aplicación desta norma, e á vista da comunicación da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG), do 26 de outubro de 2012 na que se indican as titulacións nas que non se cubriron todas as prazas ofertadas.

ESTA REITORIA RESOLVE:

UNICO.- Os/as alumnos/as que reúnan os requisitos para iniciar estudos poderán matricularse en calquera titulación sen límite de prazas ou nas titulacións que se indican a continuación, nas que quedaron prazas vacantes. A matrícula formalizarase a través de internet ou, cando non sexa posible, na Unidade de Xestión Académica (UXA) correspondente a cada titulación, entre os días **29 ao 31 de outubro**, ámbolos dous inclusive, en horario de **9 a 14 horas**.

Código plan	Titulación	Campus
4012	Grao en Filoloxía Clásica	Santiago de Compostela
4013	Grao en Filosofía	Santiago de Compostela
4018	Grao en Lingua e Literatura Galega	Santiago de Compostela
4021	Grao en Matemáticas	Santiago de Compostela
4032	Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio	Santiago de Compostela
5001	Grao en Administración e Dirección de Empresas	Lugo
5002	Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural	Lugo
5005	Grao en Enxeñaría Agrícola e do Medio Rural	Lugo
5006	Grao en Enxeñaría Civil	Lugo
5007	Grao en Enxeñaría das Industrias Agroalimentarias	Lugo
5008	Grao en Enxeñaría en Xeomática e Topografía	Lugo
5009	Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural	Lugo
5010	Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	Lugo
5014	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	Lugo
5016	Grao en Lingua e Literaturas Españolas	Lugo

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2012.

O REITOR,



Juan J. Casares Long